

A Arte do século XIX.

1. A arte das revolucións: a pintura romántica.

1.1. O Romanticismo.

O Romanticismo foi un **movemento cultural e artístico** que xurdiu a finais do século XVIII en Gran Bretaña e Alemaña e perdurou ata ben entrada a **primeira metade do século XIX**. Impulsou a arte, a literatura e a música en Europa e América.

Como **reacción ao racionalismo da Ilustración e ao Neoclasicismo**, o Romanticismo caracterizouse polo **individualismo e pola creatividade**.

O obxectivo fundamental era **expresar os sentimentos, os sonhos, as fantasías e emocións** do ser humano.

A **natureza** como unha forza incapaz de controlar e o interese pola **historia nacional, a súa relixión e a súa lingua** foron os seus sinais de identidade, comúns ao **liberalismo e aos nacionalismos do século XIX**.



1.2. A pintura.

A pintura foi a expresión artística onde **mellor se manifestou o espírito romántico**, que se inspirou no **medieval e no pintoresco**.

- A **paisaxe** é un dos temas preferidos **para expresar emocións**; e un medio para mostrar a relación da natureza co ser humano.
- As **viaxes exóticas**, fomentadas pola literatura romántica, convértese en **fonte de inspiración**.
- As **composicións dinámicas**, fronte á orde neoclásica, e a **importancia do colorido** son características deste estilo.
- As obras buscaban a **reacción sentimental** do espectador.



Os **máximos representantes** da pintura romántica foron

Théodore Géricault, que pintou A balsa da Medusa;

Eugene Delacroix, autor de A liberdade guiando o pobo e A matanza de Quíos.

Caspar David Friedrich, autor de paisaxes de natureza salvaxe: Viaxeiro fronte a un mar de nubes.

William Turner, que pintou paisaxes brumosas: Choiva, vapor e velocidade.


1.3. Arquitectura e escultura.

Ante a **expansión dunha arquitectura baseada no ferro e no formigón** armado, froito da Revolución Industrial, moitos arquitectos **reaccionaron e copiaron os grandes estilos do pasado**, como o Románico ou o Gótico, que consideraban máis estéticos.

Así desenvolveuse a **arquitectura historicista**, que se manifesta en construcións como o **Parlamento inglés**.

Na **escultura**, na segunda metade do século XIX conviviron **distintos estilos**.

Sobresaía **Auguste Rodin**, cunhas obras que presentan un **aspecto inacabado**.



2. A pintura e a escultura na segunda metade do século XIX.

2. O Realismo.

Xurdiu en Francia cara a 1840 ante os cambios que trouxeron o **capitalismo industrial e a explotación obreira**. Tradicionalmente representáranse na pintura escenas mitolóxicas, históricas, os personaxes destacados na sociedade... pero na segunda metade do século XIX **irrompen nela as clases populares**.

- O seu obxectivo era **representar de forma obxectiva a realidade**, sen idealismos e con **crítica social**. De aí o seu interese por mostrar **escenas da vida cotiá das clases populares**, as súas **condicións de vida, a loita de clases...**

O Realismo **axudouse da invención da fotografía** en 1839.

Os **artistas máis relevantes** foron

Gustave Courbet, autor de Enterro en Ornans;

Honoré Daumier, que pintou O vagón de terceira, e

Jean-François Millet de orixe social humilde, representou nos seus cadros os campesiños nas súas tarefas cotiás, entre as obras do cal destacan O ángelus e As espigadoras.



2.2. Impresionismo, Puntillismo e Postimpresionismo.

Impresionismo:

Cara a **1870**, un grupo de pintores reunidos **arredor de Édouard Manet** impulsou este **movemento pictórico renovador** que se desenvolveu fundamentalmente **en Francia**.

- Estes manifestaban un **interese común pola cor**, polos **efectos da luz sobre a paisaxe** e pola pintura ao aire libre.
- A súa técnica baseábase nunha **pincelada rápida e toques cromáticos soltos**, con **cores puras**.
- Os **temas** preferidos eran as paisaxes, os retratos ou figuras, e os bodegóns.



Entre os pintores impresionistas **sobresaíron**:

Édouard Manet (O almorzo na herba e Olimpia), considerado un dos seus precursores,

Claude Monet, que pintou series dun mesmo motivo para reflectir como a luz variaba ao longo do día (Impresión, sol nacente e A catedral de Rouen);

Edgar Degas, cunha obra que escapa ás características impresionistas (Clase de danza na Ópera)

Auguste Renoir, o pintor da vida parisiense (Baile no Moulin de la Galette).

Puntillismo

Cara aos **anos oitenta do século XIX**, **Georges Seurat** rexeitou a **execución improvisada** dos impresionistas e defendeu a **realización da cor a base de pequenas pinceladas** en forma de **puntos de distintas cores**, que o espectador mesturaría na retina.

Postimpresionismo:

O grupo de pintores **impresionistas foise dividindo**.

Algúns, entre os que se encontraban **Paul Cézanne**, **Vincent van Gogh**, **Paul Gauguin** e **Toulouse-Lautrec**.

- Buscaron **recuperar o debuxo, o volume, o sentido espacial e a expresividade** dos obxectos e as persoas.

Con este obxectivo, a súa pintura **evoluciou cara ao novo estilo**.



3. O impacto da Revolución Industrial na arquitectura.

A Revolución Industrial presentou unha serie de **desafíos arquitectónicos** derivados da rápida **expansión das cidades** e da aparición de **novas necesidades**: o ferrocarril demandou **estacións e pontes**, e as fábricas requiriron **instalacións de dimensións descoñecidas** ata daquela...

3.1. A arquitectura industrial.

Baseouse no emprego de **novos materiais, como o formigón armado, o ferro, o aceiro e o cristal**, que facilitaron a construción de **edificios grandes e lixeiros**. Pontes, viadutos, estacións de ferrocarril, fábricas, galerías comerciais... foron as **innovadoras tipoloxías arquitectónicas**.

Un dos arquitectos máis destacados foi **Gustave Eiffel**, autor da Torre Eiffel, construída para a Exposición Universal de París de 1889.

A finais do século XIX, nos **Estados Unidos** produciuse un **vigoroso impulso da arquitectura**. Para resolver o problema das necesidades de vivenda fixo a súa aparición **o rañaceos**:

- as **estruturas metálicas de ferro** permitiron levantar grandes alturas e eliminar os muros de carga.
- o uso de **piases de formigón** e o **desenvolvemento do ascensor eléctrico** facilitaron a súa expansión.

Destacaron os arquitectos da chamada **Escola de Chicago**, como **Louis Henry Sullivan** (O auditorio de Chicago).



3.2. O Modernismo.

A **finais do século XIX** xurdiu unha nova arquitectura que rompeu co que se consideraba a **fealdade estética dos produtos industriais**.

Era a chamada **Art nouveau**, que en España se expresou a través do **Modernismo**. As **novas características** foron:

- **incorporación da natureza** con **motivos vexetais e liñas ondulantes** tanto nas fachadas coma nos interiores.
- un **refinamento no emprego dos materiais**, incluído o ferro, que son **traballados artesanalmente**.
- Era un **estilo moi decorativo** creado por e para a burguesía urbana.



En España, **Barcelona** foi o foco **principal do Modernismo** e **Antonio Gaudí** representa a versión máis orixinal do Modernismo europeo con obras como **A casa Milá** ou **A Pedrera**.

A arte na 1ª metade do século XX.

4. A arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX.

4.1. A arquitectura e o urbanismo.

O rápido crecemento da cidade moderna no século XX levou á necesidade de planificar o desenvolvemento urbano. Tras a Primeira Guerra Mundial, nas décadas dos anos vinte e trinta, aparece o Racionalismo, que tiña como obxectivo a funcionalidade, o urbanismo e a mellora das condicións dos espazos humanos. Moitos arquitectos pretendían crear unha arquitectura universal, democrática, funcional e económica. Este estilo caracterizouse polos seguintes trazos:

- Utilización de formas xeométricas puras e plantas diáfanas.
- Eliminación dos elementos decorativos.
- Integración do edificio no seu contorno e busca do uso práctico.

Un dos mellores representantes deste movemento foi **Le Corbusier**, para o que a arquitectura debía acomodarse ás necesidades da sociedade.

En Alemaña, o movemento moderno estivo representado pola **Bauhaus**, escola de arte, deseño e arquitectura fundada en 1919 por **Walter Gropius** e na que participou tamén o arquitecto **Mies van der Rohe**. A Bauhaus foi clausurada polas autoridades nazis en 1933, pero as súas ideas estendéronse por Europa e polos Estados Unidos.

Frank Lloyd Wright, que desenvolveu a chamada arquitectura orgánica, o organicismo: entendía que os edificios se deben integrar na natureza e vivir en harmonía con ela.



Le Corbusier



Walter Gropius



Mies van der Rohe



Frank Lloyd Wright

4.3. A escultura.

Na escultura produciuse unha ruptura definitiva co estilo figurativo. O obxecto deixou de ser estático e compacto grazas ao movemento e aos ocos, que crean espazos interiores. Empregáronse novos materiais desusados ata entón na escultura, como o formigón.

Constantin Brancusi foi o gran mestre da escultura deste período. Simplificou ao máximo os obxectos, achegándose á abstracción.

Alberto Giacometti realizou figuras caracterizadas polas formas alongadas.

Henry Moore, creador de formas e volumes de gran tamaño sobre a figura humana.

Alexander Calder, que experimentou co movemento nos seus famosos móbiles, baseados en estruturas de formas orgánicas abstractas que se balancean suavemente. Adiantábase á arte cinética da segunda metade do século XX.

En España, na primeira metade do século xx, a escultura tivo unha gran renovación. Sobresaíron as figuras de **Pablo Gargallo**, que incorporou o baleiro á obra.



Pablo Gargallo



Constantin Brancusi

Alberto Giacometti



Henry Moore



Alexander Calder



5. As vangardas pictóricas.

Os primeiros anos do século XX foron un tempo de cambios sociais, tecnolóxicos, científicos... Na cultura, este progreso baseouse nunha ruptura co pasado.

Pouco despois, os horrores da 1ª GM xeraron a idea de que a nosa civilización estaba en crise e frearon o optimismo previo ao conflito. O sufrimento achegou unha visión pesimista do ser humano e da sociedade. Estes cambios traducíronse na aparición dunha ampla variedade de movementos artísticos, as novas vangardas do século XX.

VANGARDA	CARACTERÍSTICAS	ARTISTAS
Expresionismo	- Naceu en Alemaña en 1905 e perdurou ata que o réxime nazi o prohibiu en 1933. - Pretende captar os sentimentos máis profundos do ser humano e representar a angustia existencial.	Edvard Munch Emil Nolde James Ensor Otto Dix.
Cubismo	- Comezou en París en 1907 coa obra As señoritas de Avignon, de Pablo Picasso. - Entende o cadro como unha superficie bidimensional, rompendo coa idea de perspectiva. - Representa os obxectos e figuras descompoñéndoo en formas xeométricas, divididas en múltiples planos para contemplar a obra desde diferentes puntos de vista.	Pablo Picasso Georges Braque Juan Gris
Fauvismo	- Naceu en París, 1905. A crítica denominou estes pintores fauves («feras») polo uso dun colorido estridente. - Busca pintar o que se sente, non o que se ve. Isto lograse mediante a autonomía da cor sobre a forma. - Aplica cores puras, sen mesturar.	Henri Matisse André Derain
Dadaísmo	- Xurdiu en Zürich (Suíza) durante a Primeira Guerra Mundial. - Rexeita os valores establecidos da arte e defende unha desenfreada liberdade creadora. - Elevan a categoría de arte obxectos cotiáns e vulgares.	Max Ernst Jean Arp Marcel Duchamp
Arte abstracta	- Empezou a tomar forma coas primeiras obras de	Wassily

	Kandinsky, cara a 1910. - Houbo varias tendencias, pero todas coinciden en prescindir dos elementos figurativos para concentrar a forza expresiva nas formas e nas cores, sen relación coa realidade.	Kandinsky Kazimir Malevich Piet Mondrian.
Surrealismo	- Naceu en Francia en 1924, a partir dun manifesto de André Breton. - Interésase por representar os aspectos irracionais do mundo dos soños e os fenómenos do subconsciente.	Max Ernst, René Magritte Salvador Dalí Joan Miró.
Futurismo	- Creouse en Italia en 1909. - Plasma o dinamismo e a velocidade como expresión do mundo moderno. - Representa o movemento a través da repetición de figuras no mesmo plano.	Umberto Boccioni



Roda de bicicleta realizada por **Marcel Duchamp**.

Flandres, pintura **expresionista** de **Otto Dix**, 1936.